

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de abril de 2022**

Ás 18.00 horas do día 21 de abril de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Luz Doporto Real

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamatino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado provincial don Álvaro José Fernández López (substituído pola deputada provincial dona Luz Doporto Real).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE MARZO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de marzo de 2022.

Non se producen intervencións e co voto favorable de todos os membros da comisión excepto da deputada do Grupo Popular, dona Luz Doporto Real, que se abstén por non asistir á sesión anterior, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 17 de marzo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da Comisión** contesta a unha pregunta que lle fixo o deputado do Grupo Socialista, don Álvaro Vila Araújo, cun informe de don Bernardino González Vázquez, que é a persoa que leva a Área de Deportes da Deputación, no que di que a información publicada nos medios de comunicación relacionada coa colocación dos trofeos do extinto Club de Fútbol de Ourense é correcta, actualmente atópanse almacenados nas dependencias do Pazo de Deportes “Paco Paz”. Con respecto á futura exposición dos trofeos cabe indicar que actualmente non hai petición ningunha por parte dos ex-xogadores do Club Deportivo Ourense, ou outras entidades para que os devanditos trofeos se poidan exhibir nas instalacións deportivas do Couto, e por parte da Deputación trabállase para atopar e habilitar un lugar idóneo para que todos os afeccionados/as poidan contemplar e gozar dos trofeos deste club emblemático da historia do noso deporte provincial.

Don Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se se puxo en marcha a Comisión de Patrimonio Provincial e se se valorou o traslado a esta do estado das actuacións da estrada OU-0509 no contorno de San Pedro de Rochas e do novo edificio de formigón visto dedicado a albergue de peregrinos nas proximidades do Mosteiro de Oseira. Formula tamén un rogo para modificar na medida do posible o regulamento de uso dos espazos deportivos da Deputación Provincial para favorecer o uso destes por parte de equipos e de xente nova, é dicir, de escolares, fronte a outros equipos que fan un menor uso deles pero que ás veces os copan a principio de temporada e despois faise dificultoso combinar eses espazos para o uso dos rapaces.

Don César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, contesta que a Comisión non tivo a súa segunda reunión, tivo a primeira reunión que era constitutiva. O prazo que se marca nos estatutos para a periodicidade das sesións é trimestral. Na segunda sesión, na orde do día, unha das primeiras cuestións será aprobar os estatutos que se deron como borrador na

primeira sesión constitutiva, e ademais se tratarán outros temas que xurdan das propostas que están preparando os membros da comisión. Di que, en todo caso, terán cumprida información en canto se reúnan.

A **presidenta da Comisión** di que toma nota do rogo efectuado polo representante do BNG e verase que se pode facer.

E, ás 18.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.